3. Que los beneficiarios de la ayuda se comprometen a permanecer empadronados en el Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa durante, por lo menos, dos años posteriores al nacimiento, adopción o acogimiento. Si no cumplen con esta determinación deberán devolver el importe íntegro de la ayuda percibida que le será reclamada por el ayuntamiento según los trámites legales.
4. Asimismo, están obligados a comunicar cualquier cambio que se produzca en la situación da unidad familiar que pueda tener relevancia o que se tuvieran en cuenta para la concesión de la ayuda. La ocultación de estos cambios puede dar lugar al reintegro de la ayuda.

_____, ____ de _____ de 202__

Firma/s del/ los solicitante/s

SR. ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE CHANDREXA DE QUEIXA

Tratamiento de datos de usuarios/solicitantes administración general

<i>Responsable:</i>	<i>Concello Chandrexa de Queixa</i>
<i>Finalidad:</i>	<i>Prestar los servicios solicitados por el usuario. Ejercicio de las competencias asumidas por el ayuntamiento y mantener la relación con el administrado.</i>
<i>Legitimación:</i>	<i>Reglamento General de Protección de Datos art. 6.1.c Ley 39/2015, de 1 octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.</i>
<i>Destinatarios:</i>	<i>Administración pública competente en la materia relacionada con el servicio solicitado.</i>
<i>Derechos:</i>	<i>Tiene derecho a acceder, rectificar y suprimir los datos, así como otros derechos, indicados en la información adicional, que puede ejercer dirigiéndose a la dirección del responsable del tratamiento o enviando un correo electrónico a concello.chandrexa dequeixa@eidolocal.es</i>
<i>Procedencia:</i>	<i>Propio interesado o representante</i>
<i>Información adicional:</i>	<i>Puede consultar información adicional y detallada sobre protección de datos aquí: www.chandrexa dequeixa.es</i>

Para realizar el tratamiento de los datos descritos, el responsable de tratamiento necesita su consentimiento explícito. El interesado consiente el tratamiento de sus datos en los términos expuestos:

Nombre y apellidos:

DNI:

Firma y fecha

Información básica sobre protección de datos:

Información básica: Reglamento General de Protección de datos, RGPD UE 2016/679. Responsable: Concello Chandrexa de Queixa;

Finalidad: prestar los servicios solicitados por el usuario. Ejercicio de las competencias asumidas por el ayuntamiento y mantener la relación con el administrado;

Legitimación: RGPD artículo 6.1.c) y Ley 39/2015, de 1 octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas;

Destinatarios: están previstas cesiones de datos a: Administración pública competente en la materia relacionada con el servicio solicitado;

Derechos: tiene derecho a acceder, rectificar y suprimir los datos, así como otros derechos, indicados en la información adicional, que puede ejercer dirigiéndose a la dirección del responsable del tratamiento o enviando un correo electrónico a concello.chandrexa dequeixa@eidolocal.es;

Procedencia: propio interesado o representante;

Información adicional: www.chandrexa dequeixa.es

Chandrea de Queixa

Anuncio

O Pleno da Corporación Municipal, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e cinco de setembro de dous mil vinte, acordou a aprobación inicial da modificación do Regulamento de réxime interno da residencia de persoas maiores de Chandrea de Queixa.

Publicado o pertinente anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia n.º 227, con data dous de outubro de dous mil vinte, durante o prazo de trinta días hábiles, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións ningunha, de acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publícase o acordo de aprobación e o texto íntegro do regulamento como anexo ao presente anuncio, ao quedar elevado a definitivo o acordo provisional.

Contra o acordo de aprobación definitiva, os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Chandrea de Queixa, 18 de novembro de 2020. O alcalde.
Fdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez.

Anexo

Regulamento de réxime interno da residencia de persoas maiores de Chandrea de Queixa

Exposición de motivos.

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Artigo 3. Delimitación conceptual e tipo de centro.

Artigo 4. Adscrición administrativa e forma de xestión do servizo.

Artigo 5. Autorizacións e localización da residencia de persoas maiores.

Artigo 6. Capacidade.

Artigo 7. Obxectivos.

Artigo 8. Principios de actuación.

Título II. Organización interna da residencia.

Artigo 9. Horario e calendario.

Artigo 10. Carteira de servizos.

Artigo 11. Normas de convivencia.

Artigo 12. Réxime de visitas.

Artigo 13. Réxime de entradas e saídas.

Artigo 14. Persoal ao servizo do centro.

Artigo 15. Documentación.

Artigo 16. Reclamacións.

Artigo 17. Caixa de correo de suxestións.

Artigo 18. Póliza de responsabilidade civil e póliza de responsabilidade por danos.

Título III. Relación entre a residencia e as persoas usuarias e/ou a súa representación.

Artigo 19. Réxime de acceso ao centro.

Artigo 20. Contrato de prestación de servizos.

Artigo 21. Período de observación e valoración.

Artigo 22. Tarifas e sistema de pagos.

Título IV. Persoas usuarias.

Artigo 23. Rexistro das persoas usuarias.

Artigo 24. Expediente individual.

Artigo 25. Dereitos das persoas usuarias.

Artigo 26. Deberes das persoas usuarias.

Artigo 27. Causas de baixa no centro.

Título V. Réxime de disciplina funcional do centro.

Artigo 28. Das infraccións das persoas usuarias.

Artigo 29. Infraccións moi graves.

Artigo 30. Infraccións graves.

Artigo 31. Infraccións leves.

Artigo 32. Sancións.

Artigo 33. Prescrición.

Artigo 34. Potestade sancionadora.

Disposición adicional 1ª. Protección de datos.

Disposición adicional 2ª. Normativa complementaria e/ou supletoria

Disposición final única.- Publicación e entrada en vigor.

Exposición de motivos

Hoxe en día os centros residenciais son unha parte importante na atención das persoas maiores, especialmente entre aqueles que presentan alta dependencia. Nalgúns casos, e por diversas circunstancias, a provisión de coidados que necesitan algunhas persoas maiores realízase nestes centros. Con todo, non debemos esquecer que debe ser un obxectivo prioritario, desde enfoques sociais ou sanitarios, facilitarles a permanencia aos maiores nos seus domicilios, no seo das súas familias e o seu ambiente, polo que a alternativa residencial será necesaria cando isto non sexa posible.

As residencias atenden as necesidades sociais, sanitarias e de coidados de numerosas persoas maiores que, por diversas circunstancias, fundamentalmente soidade ou perda de autonomía, precisan asegurar os ditos coidados fóra do domicilio. A devandita atención préstase ás veces de forma temporal ou de forma permanente até a fin da vida do residente.

Título I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto deste regulamento é organizar o funcionamento da residencia de persoas maiores de Chandrea de Queixa, garantir a adecuada prestación de servizos e a calidade destes e recoñecer e asegurar os dereitos e obrigas das persoas usuarias.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Este regulamento ten carácter obrigatorio para todas as persoas usuarias do centro e para quen actúe na súa representación, sexa esta legal ou de feito; para as persoas que prestan servizos no devandito centro e, no seu caso, para o voluntariado que opere no centro. De igual forma, a observancia do regulamento é obrigatorio para acompañantes ou visitantes en todo aquilo que lles afecte.

Artigo 3. Delimitación conceptual e tipo de centro.

A residencia é un equipamento prestador de servizos sociais que consiste na vivenda permanente e común na que se presta unha asistencia integral e continuada ás persoas maiores regulada pola Orde do 18 de abril de 1996 modificada pola Orde do 13 de abril de 2007.

A residencia ten como obxectivo xeral ofrecer á persoa maior un ambiente convivencial axeitado para o seu desenvolvemento persoal, contribuír ao mantemento e mellora do seu benestar físico, psíquico e social e fomentar a súa integración e participación na vida social e cultural.

Artigo 4. Adscrición administrativa e forma de xestión do servizo.

A residencia está adscrita ao Concello de Chandrea de Queixa, xestionándose indirectamente mediante a modalidade de concesión de servizos.

A xestión deste servizo axustarase no seu funcionamento a este regulamento e demais normativa aplicable.



Artigo 5. Autorizacións e localización da residencia de persoas maiores.

A residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa sitúase no inmoble situado en Celeiros, dependente do Concello de Chandrexa de Queixa, entidade inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e identificada co número: E-0819 con dirección postal en rúa do Concello n.º 19 - Celeiros, 32786, Chandrexa de Queixa, Ourense, número de teléfono 988334000 e enderezo electrónico concello.chandrexadeweixa@eidolocal.es.

Artigo 6. Capacidade.

A capacidade máxima autorizada do centro é de 77 prazas residenciais e 4 de enfermería.

Artigo 7. Obxectivos.

Os obxectivos da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa son os seguintes:

- Facilitar a residencia dos usuarios nas mellores condicións instrumentais e de habitabilidade posible, favorecendo os apoios que lle sexan posibles.
- Promover unha rede de integración que favoreza a convivencia e as relacións sociais de calidade proporcionando unha sustentabilidade emocional, instrumental e social.
- Prover ás persoas residentes de cuidados e intervencións preceptivas, para previr déficits e mellorar o seu benestar.
- Establecer actuacións que maximicen as aptitudes vitais das persoas usuarias.
- Facilitar relacións solidarias e de axuda mutua entre as persoas residentes.

Artigo 8. Principios de actuación.

Os principios xerais de funcionamento deste servizo social residencial para a terceira idade serán os seguintes:

Principio de normalización.

O xénero de vida dos residentes deberase axustar o máis posible, en todas as ordes da vida, á conduta e ás pautas de comportamento consideradas como normais para o resto da cidadanía.

Principio de autonomía.

No ámbito da vida cotiá dos residentes, deberase fomentar ao máximo posible a súa autonomía persoal, de tal forma que, por parte do servizo non se lles prestará máis asistencia tutelar que a estritamente esixida polo seu grao de dependencia física ou psíquica.

Principio de participación.

A efectos de integración na vida comunitaria do servizo social residencial deberase potenciar o máximo posible a participación das persoas residentes nas actividades e no funcionamento xeral deste.

Principio de integración.

No ámbito da vida familiar, social, política e cultural das persoas residentes, tenderase ao mantemento destas no seu medio comunitario habitual.

Principio de globalidade.

A atención que se preste a cada residente deberá ser integral, é dicir, deberase tender á consecución dun modelo global de saúde e benestar, que deberá abarcar, debidamente coordinados entre si, os aspectos sanitarios, sociais, psicolóxicos, ambientais, convivenciais, culturais e outros análogos.

Principio de profesionalización.

Sen prexuízo do labor do voluntariado social, ao que se lle recoñece o seu valor complementario, tanto os responsables dos servizos sociais residenciais como o resto do persoal deberán ter a cualificación técnica correspondente ao seu nivel profesional.

Principio de atención personalizada.

Prestarase unha atención personalizada adaptada ás necesidades de cada residente.

Título II. Organización interna da residencia de persoas maiores.

Artigo 9. Horario e calendario.

A residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa presta os seus servizos todos os días do ano as vinte e catro horas.

Os horarios de limpeza, lavandería, comedor... serán os establecidos pola persoa responsable do centro procurando ter en conta, de ser posible, os costumes e as preferencias das persoas usuarias.

Artigo 10. Carteira de servizos.

O plan de actividades que se desenvolve na residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa vai encamiñado a garantir unha convivencia relacional óptima nas mellores condicións de habitabilidade, salubridade e nutrición:

Servizos básicos:

Aloxamento.

Entenderase por estancia o uso das áreas e servizos comúns da residencia estando incluídos o mantemento e limpeza das referidas zonas.

Servizo de alimentación.

Incorpora os servizos de elaboración e servizo completo de todas as comidas do día. Os menús axustaranse ás necesidades e preferencias dietéticas dos residentes e estarán expostos nun lugar público e asinados polo médico, o cociñeiro e a dirección do centro. Fomentarase a opinión e participación activa do residente na elaboración dos menús.

Servizo de lavandería.

Incorpora os servizos de lavado, repaso, pasada e orde da roupa persoal, de cama, de espazo persoal e de espazos comúns. As zonas de limpo e sucio están separadas por barreiras que permiten diferenciar os fluxos de entrada e saída da roupa. Realizarase unha marcaxe da roupa que permita realizar unha correcta distribución e control da calidade do servizo.

Servizo de recepción.

Servizos de control de accesos e de comunicación interna e externa. O persoal de recepción levará un control das entradas e saídas dos residentes, así como das visitas. Dende recepción velarase por unha axeitada xestión de chamadas aos residentes. O centro velará pola seguridade dos residentes e pola vixilancia e control de accesos a zonas de risco e posibles fugas ou accidentes de persoas incapacitadas.

Servizos administrativos.

Servizos derivados da relación contractual e das normativas vixentes.

Servizos de atención á dependencia e capacidade funcional.

Este ámbito incorpora as actividades de apoio ás actividades (vixilancia, apoio ou substitución) e ás de mantemento, prevención e mellora das capacidades da persoa maior.

Atención ás actividades básicas da vida diaria: incorpora os servizos de apoio e mantemento, prevención e mellora da capacidade funcional nas actividades de deambulación (marcha, mobilidade...), alimentación, continencia de esfínteres, vestirse e espirse, aseo persoal, baño, ducha, utilización do wc, transferencias e supervisión diúrna e nocturna.

Atención ás actividades instrumentais da vida diaria: incorpora os servizos de apoio e de mantemento, prevención e mellora da capacidade funcional da actividades instrumentais que a persoa pode conservar; entre elas a de utilización do teléfono, control dos cartos, utilización de transporte público, efectuar compras, lavado de pezas de roupa, mantemento e orde da habitación propia.

Adaptación do entorno: actividades que permitan dotar á persoa maior do máximo nivel de seguridade, autonomía e confort na propia habitación e o resto das dependencias da residencia.

Programas específicos de prevención: como mínimo haberá programas específicos de prevención de problemas de alimentación/nutrición; prevención de incontinencia de esfínteres; prevención de decúbito e outras lesións da pel; prevención de caídas e prevención do síndrome de inmovilidade.

Programas de mantemento e reeducación funcional: incorpora os servizos orientados ao mantemento de funcións da persoa maior ou á mellora da autonomía mediante a reeducación funcional ou a adquisición de habilidades para a utilización autónoma de axudas técnicas.

Servizos especializados:

Servizo médico: seguimento e control de residentes con enfermidades crónicas, de procesos agudos e/ou específicos. Coordinación cos equipos sanitarios de referencia (Centro de atención primaria, Hospital...) e o seguimento das visitas programadas.

Servizo de ATS: servizos de control, de preparación e administración da medicación prescrita. Atención de enfermería continuada, valoración, intervención e seguimento de protocolos sanitarios. Administración e control de medicamentos.

Atención social

Servizo de terapia ocupacional

Atención psicolóxica.

Servizo de atención psicosocial: está integrado por diferentes programas que se poden agrupar en:

Programas orientados ó medio exterior:

Atención ás familias: o programa específico de atención ás familias detallará a atención na acollida, estancia e despedida así como a periodicidade e as intervencións a efectuar en familias con situación de conflito ou especial dificultade. O PAP (Plan de atención persoal) da persoa maior recollerá a forma de participación da familia no mesmo.

Programa de relación co entorno: está configurado por todas aquelas actividades orientadas a integrar a residencia no medio comunitario onde se sitúa. Está configurado por actividades lúdicas e culturais e por estar integrado no programa xeral de actividades.

Programas grupais: programas destinados a reforzar o grupo ou o sentimento individual de pertenza ao grupo. Inclúe actividades de dinamización social e cultural (festas populares, aniversarios dos residentes, actividades lúdicas, saídas culturais...) de grupos de axuda mutua, de animación estimulativa orientada a reforzar as relacións interpersoais, o sentimento de pertenza ao grupo, prevención do illamento, prevención de alteracións emocionais/afectivas, cognitivas ou mentais.

Programas individuais:

Programas de crecemento persoal e mantemento das habilidades.

Programa de psicoestimulación para a prevención de alteracións cognitivas e para a atención ás persoas con demencia. Os residentes disporán de programas personalizados segundo os déficits individuais.

Programa de atención ao duelo tanto a nivel individual como a nivel colectivo e dos propios profesionais da residencia.

Servizo de fisioterapia: con actividades de prevención da inmovilidade e tratamento das enfermidades prevalentes, actividades de rehabilitación, xerontoximnasia...

A residencia de persoas maiores de Chandrexa poderá contar con servizos complementarios que melloren a calidade de vida das persoas residentes. Neste suposto poderán establecerse, se é o caso, as tarifas correspondentes a aboar por cada un deles,

informando ás persoas usuarias tanto da súa existencia como do seu custe.

Artigo 11. Normas de convivencia.

Coa finalidade de crear un ambiente propicio que facilite o benestar físico, psíquico e relacional entre as persoas residentes e os traballadores é necesario unha correcta organización e unha serie de normas de convivencia, que a continuación se detallan:

En beneficio de todos, as persoas usuarias deberán ser coidadas coas instalacións do centro.

Unha norma básica de convivencia consiste en lembrar sempre que a liberdade de cada un remata onde comezan os dereitos dos demais.

As diferenzas entre usuarios ou co persoal do centro non deben resolverse con liortas, berros ou pelexas. Estes poderán acudir ao profesional máis próximo para intentar resolver os problemas que poidan aparecer entre eles.

Respectar e cumprir os horarios establecidos polo centro, tanto para o desenvolvemento de actividades e servizos, como os de entrada e saída previstos para cada persoa usuaria.

Na medida do posible deberá facilitar o labor do persoal do centro.

Aos traballadores do centro non lles está permitido aceptar ningún tipo de agasallo ou propina.

Os dormitorios serán asignados pola persoa responsable do centro, podendo cambiar de dormitorio aos residentes por motivos xustificadas e previo aviso.

É de obrigado cumprimento a prohibición total de fumar que rexe en todo o centro.

Os usuarios serán respectuosos co descanso dos demais.

Non está permitido ter alimentos perecedoiros ou bebidas alcohólicas nas habitacións dos residentes.

Só se servirán comidas nas habitacións en caso de forza maior, ou porque a persoa responsable do centro así o estime oportuno.

Por razón de seguranza, non está permitido utilizar aparellos eléctricos non autorizados pola persoa responsable do centro.

En caso de incendio os usuarios avisarán de inmediato ao persoal ou poderán utilizar os calcadores que se atopan repartidos polo centro para dar o sinal de alarma. Se chegase a ocorrer un sinistro, o persoal dará as instrucións de actuación necesarias aos usuarios.

A capacidade do ascensor é limitada. O seu uso cunha carga superior á indicada na cabina supón un serio risco e pode provocar avarias.

Co obxecto de evitar accidentes os usuarios procurarán deixar as torneiras pechadas e as luces apagadas ao saír do baño.

Tanto por hixiene e salubridade, como por respecto aos demais, é imprescindible gardar as máis elementais normas de aseo persoal. A saúde de todos merece un comportamento claro e estrito ao respecto.

- Baixo a custodia da persoal responsable do centro, existe un moble de obxectos perdidos onde se ordenan aquelas pertenzas das que non se coñece o propietario.

- O centro non se fai responsable dos obxectos de valor, pertenzas ou diñeiro propiedade dos usuarios.

- Non están permitidas no centro as actividades con ánimo de lucro.

- Respectar a normativa que, con carácter xeral sexa de aplicación e que afecten igualmente a unha residencia de persoas maiores.

Artigo 12. Réxime de visitas.

O horario de visitas será amplo e flexible fixado e variado pola dirección do centro previa negociación e consulta cos afectados e co equipo interdisciplinario para casos especiais. A residencia



facilitará a presenza nocturna da familia para acompañar ao residente naqueles casos de enfermidade ou unha fase terminal da persoa maior.

Estarán restrinxidas as visitas de determinadas persoas si así o manifesta o usuario de maneira expresa ou no caso de que exista constancia dunha orde xudicial ao respecto.

Artigo 13. Réxime de entradas e saídas.

Respectarase a vontade do usuario e/ou familia, agás no caso de limitacións físicas ou incapacidade xudicial.

Non obstante, en relación coas saídas, o centro non se fai responsable dos danos e/ou prexuízos que poidan sufrir ou causar a terceiros, cando se atopen fóra do centro, sempre que iso non se deba a unha saída controlada pola dirección.

Artigo 14. Persoal ao servizo do centro.

O centro manterá sempre un cadro de persoal axeitado e especializado para a realización das actuacións que na mesma se desenvolvan de acordo coa normativa vixente.

O centro funcionará baixo a coordinación dunha persoa responsable.

Artigo 15. Documentación.

A residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa disporá de:

Un libro de reclamacións a disposición dos usuarios.

Unha caixa de correo de suxestións.

Unha póliza de seguro de responsabilidade civil e unha póliza de responsabilidade por danos.

Un libro rexistro de usuarios.

Un expediente individual de cada un dos usuarios. De causar baixa no centro devolverase toda a documentación aportada polos usuarios, ou copia desta.

Artigo 16. Reclamacións.

1º) O centro conta cun procedemento que garante a xestión das queixas e das suxestións, e que destas se remitirá unha copia á inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia nun prazo máximo de tres días hábiles, xunto cun informe xustificativo dos antecedentes e das actuacións realizadas para a súa xestión, tal como se establece no Decreto 254/2011, do 23 de decembro.

2º) No centro existe libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias, persoas titoras e/ou dos seus representantes legais, ou de calquera persoa que acredite un interese lexítimo, a efectos de que no mesmo se fagan constar cantas queixas poidan derivarse da situación e funcionamento do centro e das actuacións do seu persoal.

Artigo 17. Caixa de correo de suxestións.

As persoas usuarias terán a súa disposición unha caixa de suxestións que será debidamente dilixenciada pola dirección do centro.

Artigo 18. Póliza de responsabilidade civil e póliza de responsabilidade por danos.

O centro dispón dunha póliza de responsabilidade civil e dunha póliza de seguro de danos que garanten a cobertura das indemnizacións ás persoas usuarias e da reparación dos posibles sinistros do edificio.

Título III. Relación entre a residencia e as persoas usuarias.

Artigo 19. Réxime de acceso ao centro

O sistema de acceso á residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa e os requisitos do devandito acceso son os previstos no regulamento de acceso á residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa, ou calquera outro que o substitúa e/ou modifique.

Artigo 20. Contrato de prestación de servizos.

Para o acceso efectivo, en calidade de persoa usuaria, é preciso formalizar un contrato de prestación de servizos. Este contrato

estará suscrito pola persoa que se responsabilice da dirección do centro e a que teña condición de persoa usuaria ou quen ostente a representación legal desta, e, no seu caso, e cando se presuma que a persoa usuaria non conta con capacidade de autogoberno, coa persoa que desenvolve a garda de feito.

O contrato formalizarase por duplicado exemplar e irá asinado por ambas as dúas partes, entregando unha das copias á persoa usuaria xunto cunha copia do regulamento de acceso e de réxime interno visado polo organismo da Xunta de Galicia competente. De tal entrega e da súa data deixarase constancia no centro. A sinatura do contrato supón a aceptación expresa por parte da persoa usuaria das condicións xenéricas e particulares da prestación do servizo.

O contrato contemplará os aspectos fundamentais da relación e as particulares que sexan precisas en cada caso, e en todo caso deberá identificar: as partes asinantes, os servizos que se van a prestar, o prezo dos servizos e a forma de pago.

O contrato fixará a data de incorporación efectiva da persoa usuaria ao centro sempre cun período máximo de quince días durante os que se respectará a reserva de praza. En caso de non incorporarse no devandito período sen causa xustificada entenderase que renuncia á praza.

Ao contrato anexarase a seguinte documentación:

Un inventario de pertenzas do usuario no momento do seu ingreso no centro.

Unha declaración na que se especifique o destino/destinatario das súas pertenzas no caso de falecemento.

Xustificante do depósito de obxectos de valor na caixa forte do centro, de ser o caso.

Copia da autorización á entidade bancaria para o cargo na conta correspondente das cantidades bancarias debidas polos servizos prestados.

Artigo 21. Período de observación e valoración.

A partir da sinatura do contrato iníciase o “Período de adaptación e observación”. A finalidade é comprobar que a persoa reúne as condicións físicas e psíquicas indispensables para permanecer no centro, a súa adaptación a este e ás súas características e funcionamento, así como a existencia dos hábitos de convivencia mínimos e necesarios para garantir unha correcta atención e o propio benestar do resto dos residentes.

Este período terá unha duración de trinta días naturais, contados dende o seu ingreso no centro. Durante este período adoptaranse as medidas necesarias para facilitar o período de adaptación.

A superación deste período de adaptación confire ao interesado a condición de usuario do centro.

No caso de que este período sexa considerado como non superado por parte da dirección do centro, implicará a perda da praza, debendo reintegrar a parte proporcional dos días non disfrutados no centro de non esgotarse o período de proba. Neste caso, emitirase informe razoado por parte do centro onde se argumenten as causas desta inadecuación entre a persoa usuaria e o centro.

Artigo 22. Tarifas e sistema de pagos.

O importe que os usuarios deben achegar en concepto de pagamento polo servizo de residencia estará determinado polas tarifas aprobadas pola Corporación en caso de xestión indirecta, expoñéndose en lugares visibles e accesibles ao público.

O pago das tarifas será mensual e deberán ser aboadas, mediante domiciliación bancaria, dentro dos dez primeiros días de cada mes. Contra o pagamento da mensualidade expedirase polo centro a correspondente factura por duplicado, unha para

o expediente persoal custodiado no centro e outro para entregar á persoa usuaria. Nesta factura detallaranse os servizos aos que corresponde o pagamento, tanto os obrigatorios como os complementarios, se é o caso.

A persoa usuaria aboará no momento do ingreso o importe correspondente á estancia até o remate do mes en curso.

No caso de baixa voluntaria o usuario deberá avisar previamente ao centro con dez días de antelación á data da baixa. En caso contrario, o centro ao facer a liquidación poderá cobrar até un máximo de trinta días como compensación.

No caso de ausencia voluntaria non superior a trinta días anuais deberase reservar a praza, pero a residencia poderá cobrar o prezo de estancia completa.

As ausencias forzosas transitorias por internamento nun centro sanitario, convalecencia....comportan a reserva da praza sen límite de tempo e nas mesmas condicións económicas antes citadas. Entenderase por ausencia a partir de dez días ininterrompidos sen ocupar praza.

O impago das cantidades correspondentes á reserva de praza determinará o dereito do centro á súa libre disposición.

Título IV. Persoas usuarias.

Artigo 23. Rexistro das persoas usuarias.

O centro levará un rexistro exhaustivo das persoas usuarias que estará custodiado baixo a responsabilidade da dirección do centro. Constarán no rexistro datos de identificación desta persoa e de quen, se é o caso, actúe na súa representación. O rexistro incluirá, como mínimo, os seguintes datos:

a) Nome, apelidos e DNI da persoa usuaria e a súa representación, se é o caso.

b) Datos de contacto da persoa que actúa como representante, legal ou de feito (dirección postal e electrónica, teléfono móbil e fixo).

c) Documentación acreditativa da representación legal que ostenta a persoa que actúa nesta condición.

d) Data de ingreso, incidencias relevantes así como a data e motivo de baixa da persoa usuaria.

Artigo 24. Expediente individual.

Cada usuario do centro contará necesariamente cun expediente persoal, no que constarán, como mínimo, os seguintes datos:

a) Copia do DNI e tarxeta sanitaria.

b) Datos de contacto dos familiares de referencia e, de ser o caso, do titor ou representante legal (copia da sentenza de incapacitación e designación de titor, de ser o caso).

c) Contrato de prestación de servizos e, se é o caso, autorización xudicial de ingreso.

d) Facturas e xustificantes dos pagos realizados polas persoas usuarias pola prestación dos servizos básicos ou complementarios.

e) Resolución de valoración da dependencia, se é o caso.

f) Valoración actualizada na escala Barthel e naquelas outras escalas que resulten axeitadas para a avaliación da persoa usuaria, asinadas por persoal técnico competente.

g) Prescrición médica de medicación actualizada.

h) Valoración e seguimentos de evolución realizados polo persoal técnico.

i) Inventario de pertenzas da persoa usuaria, permanentemente actualizado, que deberá asinar o usuario ou, se é o caso, o seu representante legal, e a persoa responsable do servizo.

j) Contactos mantidos cos familiares ou, se é o caso, cos representantes legais das persoas usuarias.

k) Seguro médico privado e seguro de decesos, se é o caso.

Artigo 25. Dereitos das persoas usuarias.

Os usuarios da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa gozarán dos seguintes dereitos:

a) O respecto da dignidade da persoa, da súa autonomía e intimidade e do seu benestar orientará a actuación pública e a actividade das persoas profesionais do centro.

b) Recoñécese o dereito ao goce do centro e dos seus servizos en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenzas, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social.

c) A recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal como das persoas implicadas no centro nos seus programas ou servizos.

d) A unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas, así como a que se lles asista nos trámites necesarios de cara ao seu acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

e) A recibir información de maneira áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles, sobre os recursos e prestacións do centro e do sistema galego de servizos sociais.

f) A ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutor principal e que asegure a coherencia e a globalidade no proceso de intervención social.

g) Á confidencialidade, sigilo e respecto en relación aos seus datos persoais e información que sexa coñecida polos servizos sociais en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso aos mesmos no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, todos os traballadores da residencia están sometidos ao segredo profesional e confidencialidade dos datos persoais, historia de valoración, seguimento e expediente do usuario, así como toda a información á que teñan acceso no desenvolvemento da súa labor profesional.

h) A acceder ao seu expediente persoal e a obter copia deste.

i) A elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do centro previa valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos axeitados para o seu caso.

j) A rexeitar a oferta de participación en servizos ou programas que lle oferte o centro ou, se é caso, a que o seu consentimento, libre e expreso, sexa requirido para a participación nun programa, sen prexuízo do cumprimento debido da resolución xudicial cando estea limitada a súa capacidade de obrar.

k) Á calidade dos servizos e prestacións recibidas, podendo presentar suxestións e reclamacións.

l) A dar instrucións previas respecto á asistencia ou cuidados que se lles poidan administrar, ao obxecto de facer fronte a situacións futuras en cuxas circunstancias non sexan capaces de expresalas persoalmente.

m) Ao respecto aos seus dereitos lingüísticos.

n) Todos os residentes teñen dereito a manter relacións cos seus familiares e achegados, respectando ás normas da residencia. Os residentes e os seus familiares teñen dereito a seren informados de calquera cambio que poida orixinarse na dinámica de funcionamento da residencia. Os residentes teñen dereito a recibir comunicación persoal e privada co exterior mediante zonas de visitas, acceso a teléfono público e entrega de correspondencia.

o) Todos os residentes teñen dereito a coñecer aos profesionais do centro e dereito a coñecer quen é a persoa ou persoas ás que pode dirixir as súas preguntas ou solicitar informacións sobre cuestións relacionadas co centro, a súa organización, a



súa estancia nel, e a ser recibido en horarios convenientes para ambas as dúas partes.

p) A asociarse, co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

q) A deixar de utilizar os servizos ou a abandonar o centro por propia vontade.

r) Aos demais dereitos que, en materia de servizos sociais, estean recoñecidos pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 26. Deberes das persoas usuarias.

Os usuarios da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa terán os seguintes deberes:

a) Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso facilitando información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o seu acceso ao centro e comunicando as variacións que experimenten as mesmas.

b) Comunicar ao persoal de referencia calquera cambio significativo de circunstancias que puidera implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta.

c) Colaborar co persoal encargado de prestarlles a atención necesaria, acudindo ás entrevistas cos mesmos e seguindo os programas e orientacións que lles prescriban.

d) Manter unha actitude positiva en colaboración cos traballadores do centro, participando activamente no proceso que xere a intervención social na que sexan destinatarios.

e) Participar de maneira activa no seu proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social.

f) Observar e cumprir o regulamento de réxime interior e as normas de funcionamento e convivencia do centro e doutros lugares relacionados coas súas actividades, colaborando no mantemento das instalacións e facendo un bo uso delas.

g) Observar as directrices e instrucións da dirección.

h) Poñer en coñecemento da dirección ou profesionais sinalados as irregularidades ou anomalías que observen no funcionamento do centro.

i) Aboar puntualmente as tarifas polos servizos recibidos.

j) Serán a cargo do residente os danos causados pola súa culpa, tanto ás instalacións e propiedades do centro, como ás dos demais residentes.

k) Comunicar as saídas e ausencias coa debida antelación.

l) Respetar os dereitos dos demais usuarios.

Artigo 27. Causas de baixa no centro.

Son causas de baixa no centro, e con iso, de resolución do contrato, as seguintes:

a) Baixa voluntaria a petición do usuario ou, se é o caso, do titor ou representante legal. A baixa deberá comunicarse cunha antelación mínima de quince días naturais. En caso contrario, non se lle reintegrará a parte proporcional da mensualidade aboada correspondente aos días nos que o usuario xa non se atopa no centro.

b) Falecemento da persoa usuaria.

c) Ausencia do centro non xustificada debidamente nun período igual ou superior a trinta días naturais consecutivos.

d) Padecer circunstancias que impidan a súa atención e coidados no centro.

e) Presentar cadros de alteracións condutuais que interfiran no normal funcionamento do centro.

f) Non pagamento do prezo durante dous meses, sexan ou non consecutivos.

g) Incumprimento reiterado das normas contidas no presente regulamento.

Agás nos casos de baixa voluntaria e falecemento, nos demais casos o centro deberá tramitar previamente o oportuno expe-

diente no que se garanta o trámite de audiencia ao interesado e ao seu representante legal ou, de feito, por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince para que poida alegar o que considere oportuno.

Os responsables das persoas usuarias que causen baixa no centro deberán retirar deste todos os efectos persoais e bens de calquera tipo, no prazo de dez días seguintes aos da baixa, entendéndose no caso contrario que o centro poderá facer o uso que estime pertinente destes.

Ao causar baixa no centro e previa solicitude, ao usuario e/ou persoas responsables do usuario devolveráselle toda a documentación que tiveran aportado ou copia desta.

Título V. Réxime de disciplina funcional do centro.

Artigo 28. Das infraccións das persoas usuarias.

Constitúen infraccións do réxime sancionador das persoas usuarias do centro as accións e omisións dos suxeitos responsables tipificadas e sancionadas no presente título.

As infraccións previstas no presente título clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Enténdese por reincidencia, para os efectos deste regulamento, a comisión dunha infracción logo de que o suxeito fose sancionado, mediante resolución administrativa firme, por esa mesma infracción ou por outra de gravidade igual ou maior ou por dúas ou máis infraccións de gravidade inferior, durante os dous últimos anos.

Artigo 29. Infraccións moi graves.

Terán a consideración de infraccións moi graves:

Provocar desordes e alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da prestación.

A agresión física, o acoso ou os malos tratos cara ao persoal do centro, programa ou servizo, ao resto de persoas usuarias ou de persoas visitantes.

